



Proxecto levado a cabo cunha licenza de formación durante o curso 2023-24 polas profesoras **Estela Suárez Recouso** e **Susana González Vázquez**.



Este proxecto está protexido por unha licenza Creative Commons Atribución- Non comercial – Compartir igual 4.0




O presente recurso foi creado en formato Aula Virtual de Moodle, polo que para o seu funcionamento non se requiren maiores especificacións técnicas que as propias das **Aulas Virtuais dos centros en Webs Dinámicas** facilitadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.


Para a súa **instalación** deberán seguirse os seguintes pasos:

1. Crear un **curso novo** na Aula Virtual do noso centro.
2. Restaurar a copia do curso en formato .mbz seguindo o seguinte proceso:

a. No *menú de Administración* do novo curso creado, seleccionamos a opción de *“Restaurar”*.



b. Prememos na opción de *“Escolla un ficheiro”* e seleccionamos o ficheiro .mbz ou arrastramos o ficheiro dende o cartafol da nosa computadora ao recadro que indica *“Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar”*.



c. Unha vez cargado o ficheiro, prememos no botón de *“Restaurar”*.

d. Aceptamos a culminación do proceso.

Plugins e configuración recomendados

Para unha navegabilidade máis cómoda, recoméndase a activación do Plugin de Moodle: ***Ligazón automática aos nomes das actividades***, como na ruta que figura a seguir:

Administración do curso>Filtros>Ligazón automática aos nomes das actividades>Activado

Ademais, recórdase que o curso está configurado coa seguinte configuración de axustes:

- Formato: Formato dos temas.
- Páxina do curso: Amosar unha sección por páxina.